

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 3 DE NOVEMBRO DE 2023

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE EN FUNCIONS:

Don Alberte Lamazares Casero

CONCELLEIROS/AS:

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a tres de novembro de dous mil vinte e tres, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente en funcións Don Alberte Lamazares Casero, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da

Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as once horas corenta e cinco minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 30 de outubro de 2023, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- COMUNICACIÓNS PREVIAS DE EXECUCIÓN DE OBRAS

— María de los Ángeles Baldonado Rodríguez

Consta nas dependencias municipais a seguinte comunicación previa de execución de obras, presentada con data 25 de xullo de 2022 (RE-E núm. 359), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

NOME E APELIDOS	MARÍA DE LOS ÁNGELES BALDONEDO RODRÍGUEZ
DNI	██████████
DOMICILIO	LUGAR DE BARRIO, PARROQUIA DE SAN MARTIÑO DE ASPERELO
REPRESENTANTE	PAULA MORRAZO PARADA
DNI	██████████

DATOS DA OBRA

OBXECTO	CAPTACIÓN E ACOMETIDA DE DOUS MANANCIAS PARA ABASTECIMENTO
LUGAR	BARRIO
PARROQUIA	SAN MARTIÑO DE ASPERELO
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE ESPAZOS NATURAIS SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN FORESTAL SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE INFRAESTRUTURAS SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA
REFª CATASTRAL PARCELAS	36047A12000581 (manancial 1) 36047A12000767 (manancial 2) 36047A13306023 (vivenda) 36047A12000743 (percorrido canle) 36047A12000741 (percorrido canle) 36047A12000735 (percorrido canle) 36047A12000736 (percorrido canle) 36047A12000737 (percorrido canle) 36047A12000738 (percorrido canle)
DOCUMENTACIÓN TÉCNICA	SI (proxecto técnico e anexos redactados pola enxeñeira de minas Dona Mª Carmen Pascual Iglesias en datas 04/12/22, 25/07/23 e 28/08/23)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	2.996,39 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	UN (1) ANO
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 31/10/23)
TRÁMITE AMBIENTAL	EXENTO (Informe da técnica municipal de Medio Ambiente Dona Yolanda Aguiar Jorge, de data 09/08/23)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- A eficacia da comunicación queda condicionada ao cumprimento dos condicionantes esixidos polos diversos organismos con competencias sectoriais que emitiron autorizacións e/ou informes no expediente e, en especial, os seguintes:

- ✓ Autorización de Augas de Galicia, de data 15/12/22 (Clave [REDACTED]).
- ✓ Autorización do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación Provincial de Pontevedra, de data 19/09/22 (Expediente núm. [REDACTED]).
- ✓ Autorización da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda en Pontevedra, de data 19/04/23.

Cuarto.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de CINCUENTA E NOVE EUROS CON NOVENTA E DOUS CÉNTIMOS (59,92 €).

Quinto.- Tendo en conta que parte do percorrido da canle afecta a vías públicas de titularidade municipal, concédeselle, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, autorización municipal para a ocupación do dominio público para o fins solicitado, coas seguintes condicións:

- ✓ As canles deberán ser colocadas a unha profundidade mínima de 80 cm., respectando no seu caso os servizos xa existentes, e coas condicións técnicas e de seguridade establecidas na normativa sectorial de aplicación.
- ✓ A data de inicio da realización das obras necesarias deberá ser comunicada ao Sr. concelleiro-delegado de Servizos Básicos, con antelación á mesma.
- ✓ Unha vez finalizadas as obras, deberá deixar o pavimento nas condicións no que se atopa na actualidade.

- ✓ A autorización enténdese concedida “a precario” e o Concello poderá revogala en calquera momento, se o interese público así o esixe, sen dereito algún a indemnización por parte da solicitante. Asemade, a reparación dos eventuais danos que se puideran producir na canle instalada, por mor de obras de acondicionamento das vías públicas afectadas, promovidas polo Concello ou outras Administracións Públicas, serán integramente a costa da solicitante.

Sexto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Sétimo.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

— Dolores Vence Hermida

Consta nas dependencias municipais a seguinte comunicación previa de execución de obras, presentada con data 5 de outubro de 2023 (RE-E núm. 577), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

NOME E APELIDOS	DOLORES VENCE HERMIDA
DNI	██████████
DOMICILIO	LUGAR DE PENERBOSA, PARROQUIA DE NEGRELOS

DATOS DA OBRA

OBXECTO	CONSERVACIÓN DE CUBERTA EN VIVENDA UNIFAMILIAR
LUGAR	PENERBOSA
PARROQUIA	NEGRELOS

CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO DE NÚCLEO RURAL
REFª CATASTRAL INMOBLE	000900300NH82C0001RE
DOCUMENTACIÓN TÉCNICA	SI (Memoria valorada asinada polo arquitecto técnico Don Henrique Mella Otero, en data 27/02/23)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	11.790,93 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	SEIS (6) MESES
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 14/04/23)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de DOUSCENTOS TRINTA E CINCO EUROS CON OITENTA E UN CÉNTIMOS (235,81 €). Porén, en virtude do solicitado pola interesada en data 5 de outubro do corrente (RE-E núm. 576), acórdase a compensación de dita cantidade polo xa abonado por igual contía en data 25/05/23, correspondente ao expediente municipal 50/2023, tendo en conta que as obras obxecto do dito expediente non foron realizadas, tal como acredita o informe emitido polo arquitecto técnico municipal en data 02/11/23.

Cuarto.- As obras deberán cumprir as condicións impostas pola autorización emitida pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades en Pontevedra mediante Resolución de data 06/02/23 (expediente núm. [REDACTED]).

Quinto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Sexto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

3.- CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN LABORAL TEMPORAL DE TRES (3) POSTOS DE TRABALLO DE AUXILIARES DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF)

O Sr. alcalde en funcións informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes da necesidade de proceder á provisión de tres postos de traballo na categoría de auxiliar de axuda no fogar, consignados no cadro de persoal do vixente orzamento municipal prorrogado, que se atopan vacantes na actualidade como consecuencia do pase a situacións de incapacidade permanente e excedencia das traballadoras que ata a data prestaban dito servizo. A provisión definitiva de ditos postos de traballo está incluída no procedemento extraordinario de consolidación de emprego temporal iniciado xa polo Concello. Porén, o tempo requirido para o desenvolvemento total do dito proceso aconsella proceder a unha provisión temporal previa de ditos postos de traballo, namentres non se remate dito proceso, por mor da imprescindible prestación dun servizo tan prioritario e sensible como a axuda no fogar dos/as usuarios/as dependentes, que se atopan en situación de gran necesidade e vulnerabilidade, e cuxa eventual suspensión e/ou interrupción produciría prexuízos de difícil reparación ao funcionamento dese servizo público. Óptase no presente caso pola utilización da modalidade de contratación temporal por circunstancias da produción dado que a baixa das

traballadoras existentes polas causas expostas ocasionan un evidente desaxuste temporal entre o emprego dispoñible e o que se require.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Realizar convocatoria pública para a provisión laboral temporal de tres (3) postos de traballo de auxiliares de axuda no fogar consignados no vixente cadro de persoal laboral do Concello.

Segundo.- Aplicar integramente a dita convocatoria as bases aprobadas por este órgano na sesión de data 4 de abril do corrente (modificadas en data 19/04/23), co axuste retributivo que corresponda en virtude das actualizacións salariais de aplicación na presente data.

4.- CONTRATACIÓN LABORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADOR EN SITUACIÓN DE BAIXA LABORAL POR INCAPACIDADE TEMPORAL (IT)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Don Francisco Lorenzo Eiriz, traballador laboral indefinido do Concello na praza de peón de servizos diversos, causou baixa laboral por IT, derivada de enfermidade común, con data 7 de agosto do corrente. Xa que logo, existe a necesidade de proceder á contratación dun traballador que preste o devandito servizo durante dito período, ao tratarse o mantemento da rede viaria de titularidade municipal dun servizo prioritario, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal.

O Concello considera que a contratación proposta non contradí a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2023, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, por canto o servizo de mantemento da rede viaria municipal correspóndese cun sector prioritario e que afecta á seguridade da circulación dos vehículos e, polo tanto, dos propios usuarios das estradas e camiños municipais.

O Sr. secretario considera que dito posto de traballo debера ser provisto nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios

constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. Non considera axeitado xustificar o incumprimento de ditos principios alegando urxencia xa que a situación de baixa laboral por IT do traballador produciuse hai case tres meses, polo que se podería ter convocado publicamente dita provisión, previa a aprobación dunhas bases. Porén o Sr. alcalde en funcións, dado o limitado período de contratación, non considera aconsellable realizar unha convocatoria pública da mesma, pola posible demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo, precisándose a contratación dun traballador con experiencia acreditada, dada a dificultade do manexo da maquinaria de desbroce e dos medios de transporte dispoñibles, e da conveniencia de coñecemento previo dos diferentes lugares e parroquias do Concello. Destaca que polo alcalde se realizaron numerosas xestións que resultaron infrutuosas para acadar un traballador que cumprira con ditas aptitudes profesionais, ante a inexistencia actual de oferta de traballadores cos permisos preceptivos e os coñecementos axeitados do traballo a desempeñar, polo que recorreuse a única persoa dispoñible da que se tivo coñecemento e que acreditou a posesión dos requisitos esixidos e de experiencia no manexo dos medios técnicos dos que dispón o Concello.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación laboral temporal de Don JOSÉ LUÍS AREÁN CALVIÑO, con DNI núm. [REDACTED], como peón de servizos diversos, mediante un contrato de substitución a tempo parcial (25 horas/semana), ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, polo tempo que dure a situación de baixa laboral por IT do traballador Don Francisco Lorenzo Eiriz.

Segundo.- Facultar ao alcalde en funcións para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

5.- CONTRATACIÓN LABORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORA POR GOCE DE VACACIÓNS

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona Rosa María Beleda Presas, traballadora laboral do Concello no posto de traballo de auxiliar de

axuda no fogar, ten solicitado o goce parcial das súas vacacións anuais correspondentes ao ano 2022 (pendentes de goce por mor da súa situación de baixa laboral por IT) e do ano 2023, entre os meses de novembro e decembro de 2023, e parte de xaneiro de 2024. Xa que logo existe a necesidade de proceder á contratación urxente dun/dunha novo/a traballador/a que preste o devandito servizo durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que presta aos usuarios beneficiarios da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que a contratación proposta non contradí a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2023, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Traballo e Benestar, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que o posto de traballo debera ser provisto nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde manifesta que, dada a urxencia da contratación, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública da mesma, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constátanse as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas substitucións ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, e a proposta da traballadora social municipal Dona Natalia Salgado Rodríguez, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como auxiliar de axuda no fogar, mediante un contrato temporal por circunstancias da produción, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, da seguinte traballadora:

- ✓ SANDRA LIMA SILVA, con NIE núm. ██████████, a tempo parcial (27,5 horas/semana), entre os días 6 de novembro e 20 de decembro

do corrente, ambos inclusive, en substitución de Rosa María Beleda Presas.

Segundo.- Facultar ao alcalde en funcións para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

6.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- MARCAXE DEZA S.L. 84,70 €
Por subministro de material de oficina para o Concello, s/factura núm. 23592 (FACe).
- COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER S.A. 7.629,13 €
Por consumos de enerxía eléctrica no Concello no mes de agosto de 2023, s/recibos.
- NATURGY IBERIA S.A. 7.962,68 €
Por consumos de enerxía eléctrica nas dependencias municipais no mes de agosto de 2023, s/recibos.
- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 173,03 € E 526,13 €
Por consumos de telefonía fixa, móbil e datos, s/facturas núm. TA78U0001537 e TA78U0001538 (FACe).
- TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U. 0,00 € E 0,00 €
Por consumos das liñas de telefonía móbil do Concello, s/facturas núm. 28-K3DD-050384 e 28-K3DD-088548 (FACe).
- V. CALVIÑO ASESORES S.L. 518,79 €
Por traballos de asesoría laboral e de seguridade social, s/factura núm. 1483.

- SYMATEC S.L. 2.717,81 €, 2.717,81 €, 2.717,81 €, 2.717,81 €, 2.717,81 € E 2.717,81 €
Por servizo de limpeza de dependencias municipais nos meses de febreiro, marzo, abril, maio, xuño e xullo de 2023, s/facturas núm. 737, 744, 753, 764, 772 e 782 – (*reparo suspensivo da Intervención levantado polo alcalde en funcións por resolución de data 02/11/23*).
- ENRIQUE ÁLVAREZ GARCÍA 61,13 €
Por subministro de xogos para o programa “*Concilia*”, s/factura núm. 2023000002.
- COSAPLAG S.L.U. 131,16 €
Por analítica de salubridade da auga da piscina municipal, s/factura núm. 20231920 (FACe).
- AMBIGAL-360 S.L. 1.940,40 €
Por recollida e tratamento de residuos voluminosos do Punto Limpo, s/factura núm. A-230967 (FACe).
- TÉCNICAS & GRAMAXE S.L. 135,00 €
Por adquisición de libros para a biblioteca municipal, s/factura núm. 0302023 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente en funcións dá por rematada a sesión, sendo as doce horas dez minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde en funcións
(*sinatura dixital*)